

DESENTULLO: CRONOLOXÍA

VISUAL DA ESCASA IMPLICACIÓN DO GOBERNO CENTRAL
E DOS ESFORZOS DO CONCELLO

MAIO 2018

23/05/2018



Explosión do almacén clandestino en Paramos



15/06/2018

Carta ao presidente do goberno, Pedro Sánchez
(sen resposta)



26/06/2018

Carta ao presidente do goberno en relación á Declaración
de Zona Gravemente Afectada (sen resposta)

XUÑO 2018

XULLO 2018

05/07/2018



Xuntanza na Delegación do Goberno en Galicia, Coruña.



28/08/2018

O alcalde solicita, ante a falta de respostas, acampar
ante a Subdelegación do Goberno en Pontevedra,
petición rexeitada pola Subdelegación.

AGOSTO 2018

07/09/2018



O Consello de Ministros aproba a Declaración de zona
gravemente afectada por unha emerxencia de protección
civil.

10/09/2018



Entrega na Subdelegación o proxecto de desentullo
encargado polo Concello.

SETEMBRO 2018

14/09/2018



Javier Losada, Delegado do Goberno en Galicia fai a
primeira e única visita á zona cero e informa de que o
Goberno proporá un protocolo entre administración na que
o Concello sería responsable da execución do desentullo.
Mais de cen días despois non tivemos nen actuación
directa nen proposta de protocolo.

27/09/2018



A Subdelegada do Goberno recibe ao alcalde en
Pontevedra e non da prazos nen sequera orientativos.



03/10/2018

Carta de solicitude á ministra de Política Territorial e Función Pública para unha entrevista (sen resposta).

NOVEMBRO 2018



12/12/2018

Carta á Subdelegación solicitando que procedan a concretar compromiso económico do goberno co financiamento do desenvolvemento e xa informando que no pleno do 27/12 se pretende aprobar o crédito con cargo a fondos municipais (sen resposta).

OUTUBRO 2018



07/11/2018

O alcalde vai a Madrid para protestar e entregar unha nova carta á Ministra de Política Territorial que enfatiza a paralización que estamos sufrindo. O alcalde entrega esa carta persoalmente no rexistro do Ministerio o día que vai realizar a protesta co saco de entullo. O Ministerio cancela a visita acordada, un día antes da viaxe.



08/11/2018

A Ministra remite unha carta ao Concello informando de que o Secretario de Estado de Política Territorial contestará as cartas que quedaran sen resposta.



15/11/2018

Nova carta á Ministra na que se lle solicita que o goberno acometa o desenvolvemento mediante o procedemento da encomenda de xestión através dunha empresa pública como podería ser Tragsa.



20/11/2018

Chega ao Concello, asinada polo Secretario de Estado de Política Territorial, carta datada no 15/11 onde se admite que corresponde ao Ministerio do Interior propor, nun Protocolo entre o Ministerio de Política Territorial e o Concello de Tui.



28/11/2018

Convocase xuntanza para este día dun Gabinete de Crise para coordinar entre administracións a saída da situación de estancamento que se está a producir en relación ao desenvolvemento, a Subdelegación do Goberno e a Deputación non asisten.



30/11/2018

Carta á Secretaria Xeral Técnica do Ministerio para colaborar nos traballos xurídicos para por en marcha as axudas aprobadas polo Consello de Ministros do 7 de setembro.

DECEMBRO 2018